

# DECLARACIÓN SOLEMNE 'RIBEIRA SACRA' DE REITORES NO CAMIÑO DE SANTIAGO

O Grupo Compostela de Universidades en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e os representantes das 24 universidades participantes no Encontro Internacional de Reitores no Camiño de Santiago, celebrado do 9 ao 11 de outubro de 2019 en Galicia, reunidos hoxe no municipio de Chantada, corazón da Ribeira Sacra, a todos os cidadáns do mundo,

Proclamamos:

Nós, os Reitores, sabedores das responsabilidades asumidas no presente e coas novas xeracións, queremos expresar publicamente o noso voto sincero de apoiar cos nosos medios e esforzos a creación de condicións favorables para a adhesión da Universidade aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e ás iniciativas europeas orientadas cara a modernidade e a excelencia educativa e investigadora.

Nós, as institucións autonómicas e locais de Galicia, renovamos no presente acto o noso compromiso de traballar para alcanzar as máis altas cotas de calidade na Educación Superior e converter as nosas Universidades no faro que ilumine unha sociedade cada vez máis sustentable e incluínte.

Nós, o Grupo Compostela de Universidades, coñecedores do importante papel cultural, social e educativo que xogan as Universidades no progreso da sociedade, queremos contribuír á culminación destas metas tomando o Camiño de Santiago como sustento desa unión de esforzos e vontades e traballar intensamente en favor de tan excelsos fins.

Mediante a presente Declaración, os abaixo asinantes:

- I. Afirmamos o valor do Camiño de Santiago como ruta de encontro entre persoas e pobos, símbolo universal da *fraternitas*, a *caritas* e a *hospitalitas*, e recoñecemos o seu potencial transformador e a súa capacidade impulsora da concordia, o diálogo intercultural e o enriquecemento das comunidades locais.
- II. Apoiamos á paisaxe cultural da Ribeira Sacra na súa declaración como patrimonio mundial da UNESCO, por ser unha representación excepcional da indisoluble unión de patrimonio e natureza, que configura unha paisaxe cultural viva cuxa beleza reflexa e testemuña o bo facer das civilizacións pasadas e presentes.
- III. Recoñecemos a necesidade de desenvolver iniciativas universitarias que visualicen e artellen os compromisos da educación e xestión universitarias coa consecución dos dezasete Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, propostos pola Organización de Nacións Unidas a todos os actores sociais e gobernamentais. Entendemos que este compromiso debe materializarse en accións concretas no seo das nosas respectivas Universidades e traballaremos conxuntamente para a súa aplicación.
- IV. Comprendemos o valor universal do coñecemento humano e a súa incidencia sobre o desenvolvemento e fomento do benestar de todos os seres. Aceptamos

responsablemente o papel que a sociedade outorga ás Universidades como fonte e motor dos saberes superiores e comprometémonos a camiñar cara a mellora da calidade científica e académica, o apoio ó talento e á formación dos futuros líderes, a través da construción de pontes que conecten as sinerxías e o potencial das nosas institucións de Educación Superior.

- V. Celebramos o vixésimo quinto aniversario do nacemento do Grupo Compostela de Universidades, rede internacional de educación creada ao abeiro do Camiño de Santiago, pedra angular do nacemento de Europa e afirmación dos seus valores de xustiza, liberdade, igualdade e solidariedade e reforzamos os lazos de unión con esta institución e os fins que persigue. Co fin de avanzar nesta senda, o presente Encontro Internacional de Reitores no Camiño de Santiago constitúe o cimento sobre o que forxar alianzas e construír un futuro común mellor para todas as Universidades que compoñen o Grupo Compostela de Universidades.

Por iso, a través da presente Declaración comprometémonos a:

- I. Traballar intensamente no establecemento de accións universitarias que incorporen os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable na educación, a investigación e a actividade universitaria.
- II. Traballar intensamente no establecemento de estratexias comúns que permitan avanzar na creación de alianzas de cara ao crecemento da nova Universidade europea.
- III. Comunicar ao Grupo Compostela as accións que se vaian realizando individual ou conxuntamente co fin de difundilas a toda a comunidade universitaria e fomentar as boas prácticas nestes eidos e na sociedade en xeral.

Co presente acto de firma selamos o cumprimento dos contidos desta Declaración solemne e garantimos o noso compromiso na súa consecución.

En Chantada, a once de outubro de dos mil dezanove.